

OS INTÉRPRETES

Vertixe Sonora

Colectivo flexible que integra solistas de importante traxectoria no ámbito da música contemporánea en Galicia e Portugal, Vertixe Sonora Ensemble favorece un espazo aberto á reflexión, discusión e intercambio na música contemporánea. Está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e a danza cunha común vontade por desenvolver propostas musicais cunha perspectiva artística global que atopan na procura da excelencia artística e no forte compromiso coa música e os creadores do noso tempo a súa razón de ser.

Xorde co afán de manter unha estrutura estable de encomendas, favorecer a creación de producións musicais de actualidade e dinamizar o espectro sonoro contemporáneo desde o vértice peninsular dun xeito que resulte significativo nunha perspectiva internacional.

A partires dunha conciencia da multiplicidade no achegamento ó sonoro establece un constante diálogo e interacción co pensamento, a ciencia, a tecnoloxía e outras formas artísticas da contemporaneidade desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural que non renuncia nin ó rigor, nin á transgresión nin ó espírito de vangarda.

www.vertixesonora.net

VIII CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO



CONCERTO

IMPULSOS



Venres 11 de decembro de 2020
20:30 h.

Museo Interactivo da Historia de Lugo

Co título *Impulsos* preséntase un programa cuxo fío condutor atópase na xestualidade. Partindo da procedencia oriental da maior parte dos compositores e da importancia que esta compoñente ten na xénese estética da música contemporánea desta rexión, este concerto mesturará os seus diferentes tipos para crear unha amalgama musical e narrativa de gran interese.

Unificando este elemento estará a idea común de concebir ós dous axentes sonoros, a frauta e o acordeón, como instrumentos de vento, do cal xorde a necesidade de respirar, frasear e delimitar as frases musicais con xestos e impulsos. Así, estes poderanse escoitar como sons de aire (*Windbrücke*), como silencios estáticos rotos (*Icy*) ou como delimitación ou estruturación da frase musical (*Third Ear Deaf IIb'* ou *Bird Fragments III*).

PROGRAMA

- **Hyunkyung Lim** (Corea do Sur, 1967) *Windbrücke* (2000) frauta e acordeón
- **Weiwei Xu** (China, 1991) *icy* (2018) acordeón
- **Toshio Hosokawa** (Xapón, 1955) *Bird Fragments III* (1990) frauta e acordeón
- **Nuria Nuñez Hierro** (España, 1980) *Der rote Faden II* (2012) frauta e acordeón
- **Pedro Berardinelli** (Portugal, 1985) *para por* (2019) frauta baixo
- **Keiko Harada** (Xapón, 1968) *Third Ear Deaf IIb'* (2003) frauta e acordeón

Vertixe Sonora: María Mogas *acordeón*, Clara Saleiro *frautas*

AS OBRAS

Windbrücke significa “ponte de aire” e responde á idea poética dunha exploración dos sons de aire do acordeón, a frauta baixa e o *piccolo*, describindo por veces un vento continuo y outras discontinuo.

icy é a redución dunha obra orixinalmente escrita para danza e catro músicos (clarinete, viola, violín e acordeón solista). Dunha estética minimalista, céntrase no rexistro máis agudo do acordeón co seu carácter punzante e estático, só interrompido polo extremo oposto da tesitura nun único xesto.

Bird Fragments III. Con estudos en Xapón e Alemaña, a música de Hosokawa caracterízase pola ponte que constrúe entre as linguaxes estéticas de Oriente e Occidente. Esta obra é un claro exemplo desta idea, estando orixinalmente escrita para shô (antecedente do acordeón) e frutas de bico baixa e soprano.

Der rote Faden II é a segunda obra do ciclo da mesma compositora chamado *Der rote Faden* (o fío condutor), completado por unha primeira peza para ensemble e unha terceira para piano solo. Este ciclo analiza a percepción da experiencia sonora a través dun diálogo cos lazos auditivos que son rexerados e que nos remeten a un fío condutor. Neste dúo para acordeón e frauta o son de aire está presente nos dous instrumentos como elemento interno e externo, así como outros recursos percusivos.

para por resulta do material recollido para a obra *por*, tamén para frauta baixa, que integra un conxunto de obras a solo que Pedro Berardinelli escribiu nos últimos anos e que derivan dun contacto próximo entre o compositor e o instrumento. En *para por* explórase a relación entre a voz e a frauta, utilizando o instrumento como unha extensión e unha cámara de reverberación da voz do intérprete.

Third ear deaf IIb' é unha adaptación da propia compositora dunha obra para shô y frauta de bico escrita dentro do marco dun encargo da *Wolfgang Jacobi Competition*. Cunha linguaxe propia dos instrumentos orixinais, a obra constrúese a partir dunha serie de frases, sendo recorrente a utilización de xestos e impulsos súbitos e bruscos.